

XUÑO 2021

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Xuño 2021

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19
VIAXEIROS	5.604.215	-50,7%	267.996	-41,6%
NOITES	14.110.485	-62,0%	519.739	-40,2%
ESTADÍA MEDIA	2,52	-23,0%	1,94	2,3%
% OCUPACIÓN	37,49%	-28,25	30,11%	-12,04
ADR	85,13 €	-8,6%	58,46 €	0,9%
RevPAR	36,40 €	-46,4%	20,14 €	-26,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

No mes de xuño Galicia atópase nunha situación de certa estabilidade en relación á pandemia, con mellora dos datos epidemiolóxicos, o que permite avanzar no proceso de desescalada.

Na análise dos datos deste mes cabe ter en conta que en xuño do pasado ano a situación da pandemia era diferente, a poboación estivo en confinamento perimetral parte do mes, con restricións de mobilidade, e parte da actividade turística –de aloxamento, restauración e demais- estivo pechada. Por tanto, a comparativa interanual carece de sentido pois realízase sobre un mes con cifras moi baixas e, en consecuencia, as porcentaxes de variación son excesivamente elevadas. Por isto, unha vez máis imos realizar a comparación co ano 2019 para observar en que medida a recuperación da actividade se achega aos niveis previos á pandemia.

Neste contexto o INE estima que en xuño abriron en Galicia preto de 1.400 establecementos hoteleiros –dos pouco máis de 600 que o fixeron no mesmo período de 2020 e dos 1.600 de 2019- que ofertaron pouco máis de 57 mil prazas –das máis de 68 mil de xuño de 2019-.

Isto supón unha caída da oferta dispoñible do 16% en relación ao último mes de xuño previo á pandemia, isto é, neste mes ofertáronse algo máis do 80% das prazas que estaban dispoñibles en xuño de 2019 –obviamente superáanse os niveis do pasado ano cando se ofertaban algo máis de 24 mil noites-.

XUÑO 2021

- En termos xerais a conxuntura turística no sector hoteleiro en Galicia cambia respecto do observado ata marzo. Xa en abril se iniciara un cambio de tendencia que se confirmou en maio e se ratifica agora en xuño no sentido de que o nivel de demanda comeza levemente a súa recuperación logo dun ano con cifras moi baixas.
- Así, neste mes rexistráronse en Galicia 268 mil viaxeiros aloxados e preto de 520 mil noites, cifras que multiplican por catro o dato do pasado ano e que supoñen o 60% do que se rexistraba en xuño de 2019. A recuperación consolídase, os datos deste mes son os mellores

desde setembro do pasado ano e superan con creces as cifras de xuño de 2020 pero distan aínda dos niveis que se rexistraban na comunidade antes da crise.

- Con todo a tendencia é positiva por canto a recuperación vai achegando as cifras deste ano aos niveis de 2019. En marzo Galicia rexistrara o 37% do volume previo á pandemia, porcentaxe que ascende ao 60% agora en xuño.
- Os niveis deste mes de xuño marcan un novo mínimo histórico de demanda –obviando o dato do pasado ano-. No sexto mes de 2019 Galicia conseguiu rexistrar preto de 870 mil noites no conxunto do aloxamento hoteleiro da comunidade.
- A nivel das comunidades autónomas obsérvase un comportamento parello, con variacións de intensidade. Neste sentido todas elas conseguen superar con creces os niveis de demanda do pasado ano –con maior dinamismo os destinos insulares, Canarias e Baleares, por diante da C. Valenciana e Andalucía- pero mantéñense por debaixo dos niveis acadados en 2019. Os destinos que conseguiron recuperar maior cuota de demanda –no sentido de que presentan caídas menos notorias respecto dos niveis previos á pandemia- son novamente Castela A Mancha –que rexistra preto do 70% das noites previas á crise- e Estremadura –que recupera o 67% daquel período-. Seguen en orde de importancia Asturias e Cantabria, ambas con pouco máis do 60%.
- Os destinos que continúan mantendo unha dinámica negativa, por canto fican moi lonxe dos niveis previos á crise, son Cataluña, Canarias e Baleares –estas catro comunidades recuperan neste mes menos do 30% do total da demanda rexistrada en xuño de 2019-.
- Neste contexto Galicia sitúase nunha posición relativamente aceptable pois sitúase en quinto lugar no ranking de recuperación da demanda, en comparación cos niveis previos á pandemia.
- Confírmase por segundo mes consecutivo que, con carácter xeral, os destinos que máis sufriron as consecuencias da crise –aqueles insulares e os localizados no mediterráneo peninsular- son os que agora inician unha recuperación máis intensa en comparación coas cifras de 2020.
- No conxunto do Estado a recuperación da demanda sitúase no 38% en comparación cos niveis previos á crise, rexistrando máis de 14,1 millóns de pernoctacións.
- En termos de volume Galicia sitúase neste mes na sétima posición absorbendo o 3,7% do total estatal. Mantén a súa posición habitual –se ben en xaneiro colocábase en sexto lugar e en maio caía ao oitavo-, e sitúase por detrás dos principais destinos do Estado. Son neste mes, por orde de importancia, Andalucía –con 2,9 millóns de noites-, Baleares –con máis de 2,4 millóns-, Cataluña –con preto de 2,2 millóns-, a C. Valenciana –con máis de 1,5 millóns-, Canarias –con máis de 1,4 millóns- e Madrid –con algo máis de 930 mil noites neste caso-.
- A recuperación da demanda, lenta pero progresiva, sitúase esencialmente no mercado de proximidade –principalmente o interno-. Isto vén condicionado en grande medida polas sinerxias herdadas das restricións de mobilidade aplicadas no conxunto do Estado e a nivel internacional. Desta maneira o mercado interno consegue recuperar en maior medida os niveis de demanda previos á crise –rexistra o 87% das noites de xuño de 2019, con preto de 167 mil-. É a cifra máis baixa dos últimos sete anos pero supera os niveis rexistrados en

2013 e 2014. Así pois o mercado interno achégase en boa medida as cifras previas á pandemia.

- Como consecuencia da inercia das medidas de limitación da mobilidade declarada entre comunidades autónomas e os condicionantes establecidos a nivel internacional a recuperación do turismo receptor é máis lenta. Neste caso o mercado nacional rexistra o 70% do total da demanda de xuño de 2019 –con preto de 276 mil noites- mentres que o internacional fica con preto do 30% do total previo á crise –con 78 mil noites neste caso-. Apréciase unha mellora notable nos tres segmentos respecto dos niveis de recuperación observados en meses anteriores mais obsérvase maior intensidade no caso do receptor nacional –que recupera o 35% do nivel previo á crise en maio e agora o 70% en xuño-.
- Isto supón un cambio na estrutura do mercado hoteleiro en Galicia neste sexto mes do ano, continuando coa tendencia que se viña observando nos meses anteriores e en 2020. O mercado interno gaña peso, en dez puntos, absorbendo o 32% do total da demanda –en 2019 supoñía o 22%- e tamén o receptor nacional –mellora a súa representatividade en sete puntos neste caso, recuperando o seu liderazgo cun 53% do total da demanda-.
- O mercado internacional rexistra unha perda de 17 puntos absorbendo o 15% do total – porcentaxe que supón un mínimo na serie histórica-.
- A nivel territorial obsérvase tamén un comportamento dispar da demanda. Neste sentido os datos a nivel provincial amosan niveis inferiores aos de xuño de 2019 pero a capacidade de recuperación difire. Ourense é a provincia que presenta mellor comportamento en termos relativos por canto sitúase no contorno do 70% da demanda rexistrada antes da crise. En Lugo a capacidade de recuperación sitúase levemente por encima do 60% mentres que en A Coruña e Pontevedra a porcentaxe baixa de xustamente o 60%.
- Co 39,8% das noites hoteleiras –e case 207 mil pernactacións- A Coruña lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de xuño. Seguen en orde de importancia, mantendo a estrutura habitual, Pontevedra –co 38,9% e pouco máis de 202 mil noites, Lugo –co 13,8%- e finalmente Ourense –co 7,6% do total da comunidade-.
- A estadía media hoteleira recupera en esencia os niveis previos á pandemia situándose levemente por encima de 1,9 noites. En xuño do pasado ano, como consecuencia dos cambios de perfiles da demanda, a estadía media pasaba das dúas noites. En 2019 situábase en 1,9 noites. As variacións non neste caso moi significativas.
- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición intermedia no conxunto do Estado. Canarias, con 4,8 noites, e Baleares, con preto de 4,5 noites, son os destinos que neste mes marcan as cifras máis elevadas. No lado contrario Estremadura rexistra a cifra máis baixa, con 1,6 noites neste caso.
- Os niveis de ocupación melloran en máis de 14 puntos a cifra do pasado ano pero fican tamén lonxe dos rexistrados antes da pandemia. Neste mes de xuño ocupáronse o 30,1% das prazas ofertadas, porcentaxe que ascendía ao 42,1% antes da crise.
- Baleares e a C. Valenciana rexistran neste mes –por terceira vez de forma consecutiva a primeira delas- a cifra de ocupación máis alta do conxunto do Estado cun 44,8% de media. Seguen en orde de importancia Cantabria e Andalucía –ambas con algo máis do 40% neste caso-. No lado contrario A Ríoxa marca a cifra máis baixa cun 27,4% de media. Neste

contexto Galicia mellora a súa posición respecto do mes pasado –cando rexistraba a cifra máis baixa do conxunto do Estado- e sitúase por diante de tres destinos. Colócase en todo caso no grupo de destinos de menores niveis de ocupación.

- As tarifas hoteleiras sitúanse en 58,5 euros, cifra que se mantén relativamente estable en relación ao rexistrado en xuño de 2019 –nun sentido estrito os prezos soben case un 1% pois en 2019 situábanse en 57,9 euros de ingreso medio por habitación ocupada-. Tal circunstancia rompe coa tendencia que se viña observando no último ano na que, en liña coa conxuntural global, as tarifas caían respecto dos valores previos á crise.
- Galicia rexistra neste mes a terceira tarifa máis baixa do conxunto do Estado, superando só a cifra de Castela e León –se ben presenta valores moi próximos- e Castela A Mancha –que presenta un prezo medio de 54,1 euros-. Baleares, con 117,5 euros, rexistra a cifra máis alta neste mes, por diante de Canarias –con 95,1 euros-, marcando ambas certa distancia cos restantes destinos do Estado.
- En termos de rendibilidade rexístrase tamén unha caída neste mes en comparación cos niveis previos á crise. Como consecuencia dun menor nivel de demanda nun contexto de tarifas semellantes o RevPAR hoteleiro descende neste mes en comparación cos niveis de xuño de 2019 –pasa de 27,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible antes da crise a 20,1 euros neste ano-.
- Con esta cifra Galicia rexistra o segundo dato de RevPAR hoteleiro máis baixo do conxunto do Estado, superando soamente o valor observado en Castela A Mancha. Baleares -con 55,5 euros- é o destino de maior rendibilidade hoteleira neste sexto mes do ano, por diante de Andalucía, Canarias e a C. Valenciana –que rexistran un nivel de rendibilidade levemente por encima dos 40 euros-.
- En termos globais estímase que o sector hoteleiro de Galicia obtivo uns ingresos totais próximos aos 18,7 millóns de euros neste mes de xuño, cifra que supón aproximadamente o 62% do acadado no mesmo período de 2019.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Xuño 2011-21




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Xuño 2021/19




Fig. 3. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Xuño 2021/19




Fig. 4. Evolución da estadia media. Xuño 2011-21




Fig. 5. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Xuño 2011-21




Fig. 6. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Xuño 2011-21

